

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE MARZO DO 2025.****Sesión 05/2025-P**

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D^a María Isabel Val Armesto D. Fernando España López (Chano) D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día mércores 27 de marzo do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	---

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de marzo do 2025 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS (sesións núms. 02 e 04/2025).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 02/2025, do 30 de xaneiro do 2025; e 04/2025, do 27 de febreiro do 2025.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) quere que conste a súa asistencia ás comisións informativas.

O sr. Alcalde respóndelle que se traen para a súa aprobación as actas do Pleno.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) quere que se corrixa na última acta que por UPSA eran 3 votos e non 4, pola ausencia da sra. Salorio Porral.



Feitas estas observacións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a transcripción das ditas actas ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- PROPOSICIÓN: CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN MELLORAS ESTRUTURAIAS PARA A REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN DA ARPSI FLUVIAL ESO14-CO-120201 RÍO MAIOR. SADA (A CORUÑA), CO-FINANCIADA POLA UE A TRAVÉS DO FEDER NUN 60%.

Consta, no expediente, a Proposta da Alcaldía do 26 de marzo do 2025, que recolle:

*“Examinado e achado conforme o proxecto de **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “MELLORAS ESTRUTURAIAS PARA A REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN DA ARPSI FLUVIAL ESO14-CO- 120201 REGO MAIOR. SADA (A CORUÑA)” COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 60%, NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027, que ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Sada que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ESO14-CO-120201 río Maior. Sada (A Coruña)”.***

Vistos os informes emitidos por secretaría e intervención.

Propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora estrutural para a redución do risco e de inundación da ARPSI fluvial ESO14-CO-12201 Rego Maior.Sada (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento reional (FEDER) nun 60%, no marco do programa Galicia Feder 2021-207, co seguinte tenor:

« **Primeiro.** O concello de Sada ten atribuídas competencias en materia de medio ambiente, conforme ao establecido nos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2. f) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Segundo. Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Está adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e conta con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Así mesmo, constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e correspóndelle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, de conformidade co disposto na citada Lei 9/2010, do 4 de novembro e no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

Terceiro. O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Cuarto. En cumprimento do establecido no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que traspón á lexislación española a Directiva 2007/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, Augas de Galicia redacta, e revisa cada seis anos, a avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica Galicia Costa, en colaboración coas autoridades de Protección Civil, a Administración xeral do Estado e outros órganos competentes das comunidades autónomas.

O proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI), leva consigo o posterior desenvolvemento de mapas de perigosidade e risco de inundación, para a súa incorporación ao plan de xestión de riscos de inundación da demarcación hidrográfica Galicia Costa, no que se determinan as medidas a realizar por cada unha das autoridades competentes de cara a minimizar os efectos negativos das enchentes.



Nas ARPSIS con maior risco, recóllese a necesidade de redactar un Plan Específico de Xestión do Risco de Inundación, no que se traballa a nivel de detalle na propia Área con Risco Potencial Significativo de Inundación para tratar de minimizar os riscos concretos da ARPSI, incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, abordando todas as tipoloxías de medidas a adoitar por parte de cada unha das autoridades competentes.

Quinto. Está en redación o proxecto “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-CO-120201 río Maior. Sada (A Coruña)” (OH.415.1242).

O río Maior, antes da súa desembocadura, está soterrado baixo o núcleo urbano de Sada. A actuación proxectada ten por obxecto a mellora da capacidade de drenaxe da desembocadura do río Maior. Para iso proxéctase abrir os tramos actualmente canalizados e crear canles de alivio. Ademais, as actuacións suporán a reordenación do tráfico rodado en todo o centro de Sada, tanto do rodado como do peonil, creando novos carrís de acceso e deseñando calzadas compartidas. As actuacións integraranse urbanisticamente, con novas zonas de espacemento e axardinadas.

Sexto. Atendendo ao exposto con anterioridade, as partes queren colaborar a efectos de executar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) do río Maior.

Considerando todo o anteriormente exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Sada que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-CO-120201 río Maior. Sada (A Coruña)”.

SEGUNDA. OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

- 1) Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
- 2) Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión delas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia para producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

- 3) Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
- 4) Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos
- 5) No ámbito das súas facultades, colaborar coa outra parte no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello de Sada obrígase a:

- 1) Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
- 2) Poñer a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, os terreos necesarios para a execución das obras obxecto deste convenio, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e á reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá remitir a Augas de Galicia unha certificación da persoa titular da secretaría do concello co visto e prace da persoa titular da alcaldía no que conste que a entidade local dispón dos terreos necesarios para a execución das obras libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e que os pon a disposición de Augas de Galicia.
- 3) Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon



ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

4) No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

5) Recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción e asumir o seu mantemento e conservación.

6) Utilizar das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

7) No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.

CUARTA. OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen máis trámites que a comunicación ao concello.

QUINTA. OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

1. O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a sete millóns cento dous mil seiscientos noventa e nove con setenta e dous céntimos (7.102.699,72€) distribuídos nas seguintes anualidades:

Ano	TOTAL
2025	359.761,80 €
2026	4.317.141,81 €
2027	1.798.809,09 €
2028	626.987,04 €
TOTAL	7.102.699,72 €

2. A execución dos traballos de referencia serán cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60%. A actuación enmárcase dentro do Programa Galicia Feder 2021-2027 no Obxectivo Político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible"; Prioridade P2A "Transición verde"; Obxectivo Específico 2.4 "Favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención do risco de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas"; Liña de actuación 2.4.01 "Actuacións de preservación dos recursos hídricos, os seus ecosistemas e preparación, protección e resposta fronte a inundacións". Polo que deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER.

Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto dos programas do citado fondo europeo, así como as obrigas en materia de información, visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no documento "O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027" publicado pola Comisión Europea, na normativa comunitaria de aplicación e nas guías de comunicación elaboradas polo organismo intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos fondos comunitarios ao presente convenio. No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local, o concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

3. Para financiar a súa achega Augas de Galicia prevé dispoñer de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Unha vez adjudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

4. Sen prexuízo do establecido na alínea sexta da cláusula quinta, o concello achegará o cincuenta por cento do custo total das actuacións conveniadas, que ascende a tres millóns cincocentos cincuenta mil trescentos corenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (3.551.349,87€) na conta que Augas de Galicia indique para o efecto, do seguinte xeito:

- no último trimestre de 2025 abonará 179.880,91 euros
- no último trimestre de 2026 abonará 1.372.240,96 euros
- no último trimestre de 2027 abonará 1.372.240,96 euros
- no último trimestre de 2028 abonará 626.987,04 euros

5. Para o financiamento deste convenio o concello de Sada achegou a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades de pago previstas.

Así mesmo, unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, a entidade local achegará a Augas de



Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica, de 3.551.349,87€.

6. Cada parte asumirá, na porcentaxe prevista (Augas de Galicia un 50% e o concello de Sada un 50%), as variacións económicas, á alza ou á baixa, pola adxudicación do contrato de obra e dos contratos asociados á execución da obra (asistencia técnica á dirección de obra; seguridade e saúde: e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

7. Logo do pagamento das certificacións das obras e de todas as certificacións dos contratos asociados a estas, Augas de Galicia remitirá á entidade local a xustificación do investimento efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento, o certificado do gasto non elixible executado e as actas de recepción das obras.

No caso de que a achega realizada pola entidade local sexa superior ao 50% do investimento total das actuacións obxecto do convenio, Augas de Galicia devolverá a diferenza entre a achega realizada polo concello e as citadas cantidades.

8. No caso de impago do concello, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido nos artigos 62 e seguintes da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

SEXTA. TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

O concello adquirirá a titularidade das obras obxecto deste convenio de colaboración e asumirá o seu mantemento e explotación xa que a súa execución trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia de cooperación técnica e económica, de acordo co establecido neste convenio.

Augas de Galicia comunicará ao concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento dos compromisos de explotación, conservación e mantemento asumidos neste convenio.

O concello será convocado previamente ao acto de posta a disposición, que terá lugar seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes de ambas administracións.

Non obstante o anterior, e de selo caso, Augas de Galicia poderá cursar notificación ao concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñendoas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.

SÉTIMA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada parte para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións acompañados do persoal técnico que consideren oportuno.

Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2028, podendo ser prorrogado coa subscrición da correspondente addenda. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO



Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarse a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas no punto 1 da cláusula quinta, sempre que non se incremente o seu importe global nin o número de anualidades de gasto, que poderá ser acordada por Augas de Galicia para a súa adecuación ao ritmo de execución das actuacións.

DUODÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de extinción automática do convenio o cumprimento do seu obxecto e o transcurso do seu prazo de vixencia.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución: o mutuo acordo entre as partes asinantes; a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes; e a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a parte que considera que se está producindo un incumprimento deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos e informará, achegando copia do citado requirimento, á comisión de seguimento do convenio. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ao concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición da entidade local, considerándose para todos os efectos entregadas ao concello titular delas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica

3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os beneficiarios dos fondos FEDER deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Anexo IX e nos artigos 47 e 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

DÉCIMO SEXTA. PRINCIPIO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO

As actuacións que se leven a cabo respectarán o principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio “do no significant harm” - DNSH) de acordo co disposto no artigo 9.4 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

En atención ao considerando 10 do citado Regulamento o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os



investimentos sostibles.

Por tanto, todas as actuacións obxecto deste convenio deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles:

1. Mitigación do cambio climático
2. Adaptación ao cambio climático
3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños
4. Transición cara a unha economía circular
5. Prevención e control da contaminación
6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas

A liña de actuación na que se inclúe o presente convenio avalíase como compatible co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

DÉCIMO SÉTIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESE

1. En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.

2. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.

3. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidade ou conduta de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obriga débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todas as persoas que interveñen no mesmo. »

2º.- Nomear como titulares da comisión de seguimento do convenio a D. Andrés Varela Parafita, Arquitecto Municipal, e a D. Xosé Fernando Fariña Andrade, designando como suplentes a D. Jaime Presas Beneyto, Interventor Municipal, e a D. Oscar Benito Portela Fernández, Alcalde”.

A continuación procédese á votación da urxencia do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Deseguido, interveñen o sr. Alcalde, o sr. Graña Mosquera e a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen quere que figure no texto do convenio a observación que fai o arquitecto municipal no punto quinto.

A continuación procédese á votación do asunto, coa observación que fai o arquitecto municipal no punto quinto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.



Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Sada que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-CO-120201 río Maior. Sada (A Coruña)”.

SEGUNDA. OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

- 1) Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
- 2) Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras (conxuntamente co Concello de Sada) e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión delas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia para producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

- 3) Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
- 4) Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos
- 5) No ámbito das súas facultades, colaborar coa outra parte no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello de Sada obrígase a:

- 1) Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
- 2) Poñer a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, os terreos necesarios para a execución das obras obxecto deste convenio, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e á reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá remitir a Augas de Galicia unha certificación da persoa titular da secretaría do concello co visto e prace da persoa titular da alcaldía no que conste que a entidade local dispón dos terreos necesarios para a execución das obras libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado e que os pon a disposición de Augas de Galicia.
- 3) Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá



liquidación ningunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

4) No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

5) Recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción e asumir o seu mantemento e conservación.

6) Utilizar das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

7) No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.

8) A dirección das obras estará integrada por persoal designado polas dúas entidades que asinan o convenio. Entre as obrigas do Concello de Sada debe incluírse a designación do persoal técnico responsable de dirixir e controlar as obras relativas ás competencias municipais durante a súa execución, que integrará a dirección de obra conxuntamente co persoal técnico designado por Augas de Galicia.

CUARTA. OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia. O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen máis trámites que a comunicación ao concello.

QUINTA. OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

1. O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a sete millóns cento dous mil seiscientos noventa e nove con setenta e dous céntimos (7.102.699,72€) distribuídos nas seguintes anualidades:

Ano	TOTAL
2025	359.761,80 €
2026	4.317.141,81 €
2027	1.798.809,09 €
2028	626.987,04 €
TOTAL	7.102.699,72 €

2. A execución dos traballos de referencia serán cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60%. A actuación enmárcase dentro do Programa Galicia Feder 2021-2027 no Obxectivo Político 2 “Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible”; Prioridade P2A “Transición verde”; Obxectivo Específico 2.4 “Favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención do risco de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas”; Liña de actuación 2.4.01



“Actuacións de preservación dos recursos hídricos, os seus ecosistemas e preparación, protección e resposta fronte a inundacións”. Polo que deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER.

Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto dos programas do citado fondo europeo, así como as obrigas en materia de información, visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no documento “O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027” publicado pola Comisión Europea, na normativa comunitaria de aplicación e nas guías de comunicación elaboradas polo organismo intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos fondos comunitarios ao presente convenio.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local, o concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

3. Para financiar a súa achega Augas de Galicia prevé dispoñer de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

4. Sen prexuízo do establecido na alínea sexta da cláusula quinta, o concello achegará o cincuenta por cento do custo total das actuacións conveniadas, que ascende a tres millóns cincocentos cincuenta mil trescentos corenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (3.551.349,87€) na conta que Augas de Galicia indique para o efecto, do seguinte xeito:

- no último trimestre de 2025 abonará 179.880,91 euros
- no último trimestre de 2026 abonará 1.372.240,96 euros
- no último trimestre de 2027 abonará 1.372.240,96 euros
- no último trimestre de 2028 abonará 626.987,04 euros

5. Para o financiamento deste convenio o concello de Sada achegou a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades de pago previstas. Así mesmo, unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, a entidade local achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica, de 3.551.349,87€.

6. Cada parte asumirá, na porcentaxe prevista (Augas de Galicia un 50% e o concello de Sada un 50%), as variacións económicas, á alza ou á baixa, pola adxudicación do contrato de obra e dos contratos asociados á execución da obra (asistencia técnica á dirección de obra; seguridade e saúde: e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

7. Logo do pagamento das certificacións das obras e de todas as certificacións dos contratos asociados a estas, Augas de Galicia remitirá á entidade local a xustificación do investimento efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento, o certificado do gasto non elixible executado e as actas de recepción das obras.

No caso de que a achega realizada pola entidade local sexa superior ao 50% do investimento total das actuacións obxecto do convenio, Augas de Galicia devolverá a diferenza entre a achega realizada polo concello e as citadas cantidades.

8. No caso de impago do concello, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido nos artigos 62 e seguintes da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

SEXTA. TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

O concello adquirirá a titularidade das obras obxecto deste convenio de colaboración e asumirá o seu mantemento e explotación xa que a súa execución trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de



carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia de cooperación técnica e económica, de acordo co establecido neste convenio.

Augas de Galicia comunicará ao concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento dos compromisos de explotación, conservación e mantemento asumidos neste convenio.

O concello será convocado previamente ao acto de posta a disposición, que terá lugar seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes de ambas administracións.

Non obstante o anterior, e de selo caso, Augas de Galicia poderá cursar notificación ao concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndooas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.

SÉTIMA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada parte para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.

- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2028, podendo ser prorrogado coa subscrición da correspondente addenda. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e



tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas no punto 1 da cláusula quinta, sempre que non se incremente o seu importe global nin o número de anualidades de gasto, que poderá ser acordada por Augas de Galicia para a súa adecuación ao ritmo de execución das actuacións.

DUODÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de extinción automática do convenio o cumprimento do seu obxecto e o transcurso do seu prazo de vixencia.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución: o mutuo acordo entre as partes asinantes; a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes; e a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a parte que considera que se está producindo un incumprimento deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos e informará, achegando copia do citado requirimento, á comisión de seguimento do convenio. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ao concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición da entidade local, considerándose para todos os efectos entregadas ao concello titular delas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica

3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os



datos persoais que consten no convenio o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os beneficiarios dos fondos FEDER deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Anexo IX e nos artigos 47 e 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

DÉCIMO SEXTA. PRINCIPIO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO

As actuacións que se leven a cabo respectarán o principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio “do no significant harm” - DNSH) de acordo co disposto no artigo 9.4 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

En atención ao considerando 10 do citado Regulamento o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles.

Por tanto, todas as actuacións obxecto deste convenio deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles:

1. Mitigación do cambio climático
2. Adaptación ao cambio climático
3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños
4. Transición cara a unha economía circular
5. Prevención e control da contaminación
6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas

A liña de actuación na que se inclúe o presente convenio avalíase como compatible co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

DÉCIMO SÉTIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESE

1. En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.

2. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAguasdeGalicia.pdf.

3. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidade ou conduta de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.



A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obriga débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todas as persoas que interveñen no mesmo. »

2º.- Nomear como titulares da comisión de seguimento do convenio a D. Andrés Varela Parafita, Arquitecto Municipal, e a D. Xosé Fernando Fariña Andrade, designando como suplentes a D. Jaime Presas Beneyto, Interventor Municipal, e a D. Oscar Benito Portela Fernández, Alcalde.

3º.- MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Consta, no expediente, a Proposta da Alcaldía do 25 de marzo do 2025, que recolle:

«Modificación réxime de asignación aos grupos políticos municipais

En sesión celebrada polo Pleno da Corporación o día 7 de xullo de 2023, en aplicación das previsións contidas no artigo 73 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordouse o establecemento e regulación das asignacións económicas para os grupos políticos municipais. Esta regulación prevía unha liquidación semestral das dotacións.

A solicitude de diversos grupos, para facilitar a liquidez dos mesmos, proponse a modificación deste réxime introducindo a posibilidade de que as liquidacións sexan mensuais e mesmo anticipadas.

Por outra banda, a recente modificación no artigo 73 da Lei de bases de réxime local, introducida pola disposición final 7.1 da Lei orgánica 1/2025 (con efectos 3 de abril de 2025), na liña do recomendado polo Tribunal de Cuentas, clarifica a posibilidade de que os grupos municipais destinen as ditas asignacións aos partidos políticos. Á efectos de adaptar o réxime municipal ao solicitado polo Tribunal de Cuentas e á nova normativa(por referencia á mesma en agarda da súa entrada en vigor), proponse a modificación do acordo de data 7 de xullo de 2023 introducindo un novo parágrafo para a súa regulación.

Á vista do exposto proponse a modificación do parágrafo primeiro do acordo, substituíndo “ cunha periodicidade semestral, previa xustificación dos gastos executados conforme ao establecido nas Bases de execución do presuposto” por “no prazo máximo dun mes dende a preceptiva xustificación dos gastos executados conforme ao establecido nas Bases de execución do presuposto. Esta xustificación deberá realizarse cunha periodicidade mínima semestral e máxima mensual.”. Así mesmo introdúcense dous novos parágrafos co seguinte contido:

“Os grupos políticos poderán realizar achegas aos partidos políticos con cargo á asignación que lles corresponda. Os gastos deben facer referencia a servizos prestados polo partido ao grupo político vencellados ao funcionamento deste. Xustificaranse de acordo co previsto nas bases de execución e en todo caso con achega das facturas xustificativas do gasto emitidas a nome do partido.

A solicitude do grupo as achegas poden ser anticipadas por semestres naturais, debendo ser xustificadas nos termos previstos no presente acordo no prazo de 1 mes dende a finalización do dito período. En caso de que a achega non sexa debidamente xustificada procederá a tramitación do reintegro da mesma. Non se realizarán novos anticipos en tanto non estea aprobada a xustificación da entrega anterior anterior.”

Á vista dos informes emitidos pola secretaría municipal e intervención especificase o destino das asignacións municipais introducindo no acordo proposto: “destinada ao financiamento dos gastos de funcionamento de cada grupo”

PROPOSTA PRIMEIRO.- *Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o pasado 7 de xullo de 2023 relativo ao establecemento e regulación das asignacións económicas para os grupos políticos municipais, quedando redactado como segue: Establecer unha asignación económica destinada ao financiamento dos gastos de funcionamento de cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 250 €, e un compoñente variable de 75 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará no prazo máximo dun mes dende a preceptiva xustificación dos gastos*



executados conforme ao establecido nas Bases de execución do presuposto. Esta xustificación deberá realizarse cunha periodicidade mínima semestral e máxima mensual.

Os grupos políticos poderán realizar achegas aos partidos políticos con cargo á asignación que lles corresponda. Os gastos deben facer referencia a servizos prestados polo partido ao grupo político vencellados ao funcionamento deste. Xustificaranse de acordo co previsto nas bases de execución e en todo caso con achega das facturas xustificativas do gasto emitidas a nome do partido.

A solicitude do grupo as achegas poden ser anticipadas por semestres naturais, debendo ser xustificadas nos termos previstos no presente acordo no prazo de 1 mes dende a finalización do dito período. En caso de que a achega non sexa debidamente xustificada procederá a tramitación do reintegro da mesma. Non se realizarán novos anticipos en tanto non estea aprobada a xustificación da entrega anterior anterior.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

SEGUNDO.- Que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento».

A continuación procédese á votación da urxencia do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 7 SM.

Deseguido, interveñen a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), o sr. Interventor, o sr. Alcalde, o sr. Villar López (SM); sendo a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e sra. Arias Ferreiro (PP) quen queren que quede enriba da Mesa.

A continuación procédese á votación para deixar este punto da Orde do Día enriba da Mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).

Por todo o anterior, resulta aprobado deixar sobre a Mesa este punto da Orde do Día.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de febreiro (núm. 353) ata o 20 de marzo do 2025 (núm. 571).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de febreiro (núm. 353, do expediente 2025/G003/000367) ata o 20 de marzo do 2025 (núm. 571, do expediente 2025/G003/000580), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Primeira.- Moción relativa a baños nas pistas de Mondego.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) xustifica a urxencia da moción, achegada polo grupo municipal do BNG, que a continuación se reproduce literalmente:

«D. EMILIO GRAÑA MOSQUERA, CONCELEIRO DO BNG DO CONCELLO DE SADA, AO ABEIRO DA LEXISLACIÓN VIXENTE, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E SE PROCEDE, APROBACIÓN DA SEGUINTE MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2019, depois de anos de demandas veciñais, na parroquia sadense de Mondego o noso Concello levou a cabo a cuberta e mellora das instalacións deportivas. Fixemos unha inversión de aproximadamente 150.000€, grazas a unha iniciativa principalmente encabezada polas concelleiras do BNG Isabel Reimundez e Laura Rodriguez.

Un lugar onde se celebran as festas da parroquia, o Samaín, a solta do globo de papel no verán, e os veciños e veciñas poden desfrutar dun lugar de lecer con grelladas e pistas deportivas cubertas.



Despois de ter investido recursos públicos na instalación, e de que sexa de utilidade para a veciñanza, identifícanse unha serie de carencias que a fan menos funcional e que cremos deben ser subsanadas.

Asi mesmo o indican dende a Asociación de Veciños “O Candil” de Mondego. Demandan melloras na instalación eléctrica e a construción duns baños públicos.

Recollendo estas peticións das nosas conveciñas e conveciños de Mondego, cremos convinte e necesario un investimento para a mellora destas instalacións.

Por todo elo solicitamos que o Pleno do Concello os seguintes ACORDOS:

1.- Dispoñer dunha partida orzamentaria para o deseño e construción duns baños públicos nas pistas de Mondego a cargo dos presupostos do presente ano 2025. Ou, no caso de seren prorrogados reservar unha partida de crédito para esta inversión e executar a obra no presente ano en curso.

2.- Executar a obra de mellora do suministro eléctrico das instalacións das pistas de Mondego a cargo do orzamento municipal».

Deseguido procédese á votación da urxencia, auséntanse o sr. España López (PP) e a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade dos presentes a urxencia da devandita moción.

A continuación procédese ao debate da moción coa intervención do sr. Graña Mosquera (GM-BNG), da sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), da sra. Arias Ferreiro (PP), da sra. Nogareda Marzoa (UPSA), do sr. Interventor, do sr. Alcalde, que emenda a moción no sentido de incoar expediente para dotar de baños as pistas de Mondego.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) admite a emenda.

A continuación, procédese á votación da emenda da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Incoar expediente para dotar de baños as pistas de Mondego.

Segunda.- Moción relativa ás bases reguladoras da medalla “Mimina” ao talento local do Concello de Sada.

A sra. Arias Ferreiro (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do PP, que a continuación se reproduce literalmente:

«Dña Esperanza Arias Ferreiro, Portavoz do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Sada, en nome e representación do mesmo, en base ao disposto no art. 64.1 do R.O.M, en tempo e prazo oportunos para o seu debate e aprobación si procede polo pleno desta corporación, presenta a seguinte:

MOCIÓN SOBRE AS BASES REGULADORAS DA MEDALLA “MIMINA” AO TALENTO LOCAL DO CONCELLO DE SADA
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Sada, consciente da importancia de promover a acción cultural e social e logo de contemplar ao longo dos anos numerosas personalidades que naceron, viviron ou viven na Vila, sendo esta escenario da súa obra e do seu legado, patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc.

Considérase necesario recoñecer talentos de onte e de hoxe, embaixadores de Sada alá onde as súas obras ou accións chegan, denominándose a distinción “Medalla Mimina” en recoñecemento á artista e empresaria sadense Carmen Arias, coñecida como Mimina, casada con Isaac Díaz Pardo e en base a eses referentes que o deseño da mesma sexa “sargadeliano”.

Polo que propoño a adopción do seguinte

ACORDO

Primero.- Aprobar as seguintes bases reguladoras da Medalla “Mimina” ao talento local do Concello de Sada

Artigo 1. Obxecto



Crear e regular a Medalla Mimina para outorgar un recoñecemento público ás accións de sadenses desenvolvidas no Concello de Sada e/ou fora e que contribúsen coa súa obra a enriquecer o patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc e o nome do Concello.

Artigo 2. Persoas destinatarias

Poderase outorgar este recoñecemento ás persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas que, coa súa traxectoria ou labor, contribuísen e destacasen no desenvolvemento do Concello de Sada coa súa obra ou actos e contribuísen a enriquecer o patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc.

Artigo 3. Condecoracións

1. Concederanse anualmente ata un máximo de tres condecoracións, baixo a denominación Medalla Mimina, que revestirán a forma de medalla cando se outorguen a título individual, e de placa cando se outorguen a colectivos, entidades ou institucións.

2. A concesión será discrecional e efectuarase en función das accións de relevancia e transcendencia que se teñan realizado e das circunstancias que concorran en cada caso.

3. A Medalla Mimina ten carácter exclusivamente honorífico, dará dereito a un diploma acreditativo e non comporta ningún tipo de dotación económica.

Artigo 4. Procedemento de concesión

A Medalla Mimina será outorgada por acordo plenario, logo da proposta efectuada pola comisión de valoración regulada no artigo 12.

Artigo 5. Candidaturas

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que consideren relevante e oportuno destacar o labor dalgunha persoa, entidade ou institución polo seu traballo e sempre que teña cabida no obxecto destas bases.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes, indicando os datos da persoa física, colectivo, entidade ou institución a favor da cal se promove a concesión da medalla, irán dirixidas pleno do Concello de Sada e presentaranse preferiblemente por vía electrónica.

2. A presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de persoal empregado público.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da do Concello de Sada.

3. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Prazo para a presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día 15 de xaneiro e rematará o día 15 de maio de cada ano natural.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria ou informe en que se expoñan as causas, motivos e circunstancias, debidamente razoadas e fundamentadas, polas que promove a concesión da medalla á persoa, colectivo, entidade ou institución proposta.

b) Documentos acreditativos dos méritos expostos, que permitan efectuar a correspondente comprobación.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Sada, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada nos parágrafos anteriores. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica do Concello de Sada.

Artigo 9. Comprobación dos datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) NIF da entidade solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica do Concello de Sada permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Comisión de Valoración

1. Para a concesión da medalla regulada nestas bases créase unha Comisión de Valoración, que terá a seguinte composición:

a) Presidencia: o alcalde.

b) Vogalías:

– Unha persoa en representación de cada grupo político municipal.

c) Secretaría: unha persoa funcionaria do Concello de Sada, que actuará con voz pero sen voto.

2. Na composición da comisión de valoración procurarase respectar o principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Artigo 13. Proposta de resolución

1. Unha vez analizadas e estudadas as solicitudes presentadas, a Comisión de Valoración, de consideralo necesario, poderá requirir-lles ás persoas solicitantes a información complementaria que precise.

2. Rematada a valoración das solicitudes presentadas, a comisión elevaralle unha proposta ao pleno, a quen lle corresponderá adoptar a decisión de outorgar a medalla ás persoas propostas pola Comisión de Valoración.

3. A Comisión de Valoración non poderá propor que se outorguen un número de medallas superior ao número máximo que se indica nestas bases e poderá, se así o entende oportuno, deixar baleiras unha, varias ou a totalidade das condecoracións, no suposto de que as persoas físicas, colectivos, entidades ou institucións propostas non reúnan os requisitos e/ou non concorran as causas e circunstancias necesarias para o outorgamento, atendendo ao establecido nos artigos 2 e 3.



Artigo 14. Concesión da medalla

1. A concesión da medalla efectuarase por acordo plenario, quen resolverá no prazo máximo de dous meses contados desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 7.
2. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior sen que se ditase e notificase resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 15. Publicación da concesión

O acordo polo que se concede a Medalla Mimina publicarase na sede electrónica do concello de Sada e no BOP.

Artigo 16. Entrega da medalla

A Medalla Mimina seralles entregada ás persoas físicas e ás persoas representantes dos colectivos, entidades ou institucións galardoadas pola comisión de valoración persoas en quen delegue, nun acto solemne que terá lugar o día 16 de agosto no lugar que se determine no acordo polo que se concede a medalla.

Artigo 17. Rexistro das medallas

1. Crearase un libro rexistro de medallas que se estableza para tal efecto.
2. No libro-rexistro inscribíranse os seguintes datos: a data da concesión, o tipo de medalla, o número de rexistro, o nome e apelidos das persoas galardoadas e o seu NIF; no caso de entidades ou institucións, ademais, o seu nome e o NIF da entidade, se é o caso.

Artigo 18. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Sada, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a que se refiren estas bases.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón o Concello de Sada, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. Revogación da concesión

A medalla concedida pode quedar sen efecto seguindo o mesmo procedemento que para o seu outorgamento cando, de forma motivada e por causa sobrevida así se xustifique por razóns que puidesen supoñer un desprestixio para os fins de posta en valor do fin que este outorgamento promove.

Disposición transitoria primeira. Prazo de presentación de solicitudes no ano 2025

Ao ser 2025 o ano en que se crea este recoñecemento e co obxecto de poder axustar os prazos de presentación de propostas á aprobación destas bases, en 2025 o prazo de presentación de propostas será de 20 días hábiles desde o mesmo día da entrada en vigor do presente acordo.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Facúltase ao alcalde para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento das presentes bases, tanto no que se refire ao deseño e características da medalla, das placas e dos diplomas acreditativos, como para a determinación do número de condecoracións ou inclusión doutras novas, así como naqueloutros aspectos que deriven da súa concesión.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP. Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP e nos taboleiros de edictos do Concello e na páxina web».

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade dos presentes a urxencia da devandita moción.

A continuación procédese ao debate da moción coa intervención da sra. Arias Ferreiro (PP), do sr. Graña Mosquera (GM-BNG), da sra. Nogareda Marzoa (UPSA), do sr. Alcalde, do sr. Villar López (SM) e do secretario accidental. O sr. Alcalde emenda a moción no sentido de incoar expediente.



A sra. Arias Ferreiro (PP) admite a emenda.

A continuación, procédese á votación da emenda da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Incoar expediente para as medallas “Mimina” ao talento local do Concello de Sada pola súa obra, legado, patrimonio intelectual, artístico, cultural deportivo, etc.

C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), realiza os rogos seguintes:

1º Roga, ao sr. Alcalde, que poña orde nos debates e faga cumprir o Regulamento orgánico municipal, para que non haxa faltas de respecto do público e entre os membros da Corporación.

2º Roga, ao sr. Alcalde, que pidan ao *Consortio As Mariñas* campañas de concienciación para que se lle explique á cidadanía o obxectivo da tarxeta do colector marrón.

3º Roga que dado que fai falla persoal non se poñan exames superdifíciles, porque se comenta que é moi difícil o acceso á función pública en Sada.

Deseguido, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregunta, ao goberno municipal, se pediron subvencións para a normalización lingüística e para dotar ás bibliotecas de fondos bibliográficos en galego.

2ª) Pregunta como está o compromiso da zona de baños nas piscinas.

3ª) Pregunta como está o tema do transporte público cos atascos e os problemas de mobilidade.

Polo Grupo Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), formula as preguntas seguintes e realiza os rogos seguintes:

1ª) Pregunta, en relación coa obra de Sanjurjo Badía, por que non está nin recibida, nin rematada a obra.

2ª) Pregunta, en relación coa obra de Sanjurjo Badía, por que non se está a dar resposta, en tempo e forma, aos escritos que presenta a veciñanza.

3ª) Pregunta, en relación coa obra de Sanjurjo Badía, en que consiste a actuación de abastecemento de auga na rúa do Castelo.

1º) Roga que se lle responsa á veciñanza que tivera achegado o seu escrito.

2º) Roga que se informe no só dos colectores de cor marrón, senón que de como reciclar todo.

A sra. Mouriño Neira (SM) responde que se recibiu o campo de fútbol onte, para dar de alta o cambio na Federación, e que hai que facer pequenas cousas para poder xogar no mesmo.

O sr. Villar López (SM) respóndelle ao sr. Graña Mosquera (GM-BNG) que, en relación coa normalización lingüística, á última foi no 2019, e non se repetiu polos informes desfavorables dos habilitados, e a única forma é incluíla la RPT, de feito figura no borrador da RPT.

Por outra banda, respóndelle á sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), en relación á xornada laboral do persoal da biblioteca.

O sr. Alcalde resposta salientando o nivel de execución orzamentaria, e das xestións en relación ao transporte metropolitano. Responde, tamén, en relación á obra de Sanjurjo Badía, que hai en tramitación un proxecto modificado, no que se mirarán os informes municipais sobre a procedencia ou non do modificado, porque houbo



unidades de obra non previstas. Conclúe, coa tubaxe da rúa Castelo, que se cambiou por salubridade e para cumprir o plan de perdas.

O sr. Fariña Andrade (SM) sinálalle que, en relación aos escritos da veciñanza, consultará, pero dos que ten constancia foron remitidos ao director de obra e na rúa do Castelo a tubaxe foi cambiada.

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as preguntas seguintes e presenta o rogo seguinte:

1ª) Pregunta cando foi a última vez que se lle deu unha medalla a alguén en Sada.

O sr. Fariña Andrade (SM) sinálalle que polo 40 aniversario de ASPACE.

2ª) Pregunta por que o Consorcio e o sr. Alcalde perdoaron unha débeda de máis de 7 millóns de euros, e se se lles pide certificación a cada alcalde en relación co sentido do seu voto.

3ª) Pregunta, en relación coas obras de Sanjurjo Badía, onde están os documentos: informe favorable de impacto ambiental, autorización para o recheo, licenza municipal, etc.

4ª) Pregunta, en relación coas horas extras da Policía Local, dado que non se poden aboar, se se poden compensar con tempo libre.

5ª) Pregunta se hai algún avance en relación ao comedor do CEIP Pedro Barrié de la Maza de Mondego.

Polo Grupo do PP, a sra. Val Armesto formula a pregunta seguinte:

1ª) Pregunta, en relación co peche de comercios, se teñen pensado facer algunha campaña para a dinamización do comercio sadense.

Polo Grupo do PP, o sr. Lonja Tajés formula a pregunta seguinte:

1ª) Volve a preguntar por que hai luces do paseo marítimo que están apagadas, por que hai fases nas parroquias acendidas e apagadas outras, por que non hai máis papeleiras.

2ª) Pregunta, en relación coa capela de San Roque, como está o tema da súa recuperación e reparación.

Polo Grupo do PP, o sr. España López formula a pregunta seguinte

e presenta os rogos seguintes:

1ª) Pregunta sobre a situación do persoal que xestiona a limpeza viaria e a xardinería, en relación á licitación do lote I e o lote II.

A sra. Mouriño Neira (SM) responde que, en relación co comedor, xa se iniciou o expediente e atópase pendente de informe desde mediados de marzo.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle ao sr. Lonja Tajés, que hai veces que moitas fases están acendidas de día para localizar avarías, reparar avarías, amañar farois, etc., o alumado falla porque hai máis de 4.000 farois. En relación ás papeleiras, están compradas na nave de servizos, e iranse instalando.

O sr. Villar López (SM) respóndelle que a capela está pechada de forma perimetral, foi adxudicada a licitación dos traballos de apeo, e, por indicacións do arquitecto, nomeouse unha arquitecta directora de obra, e, por outra banda, estanse a pedir orzamentos á empresa para a redacción do proxecto de reparación da capela.

O sr. Alcalde contesta que chamou ao xerente do Consorcio de As Mariñas para que lle remita a documentación, e houbo un acordo extraxudicial con Albada, pero que non é certo que se lle condonasen 7 millóns de euros; que lle pasará toda a documentación relativa á obra de Sanjurjo Badía; en relación aos pregos da limpeza viaria, aínda non está licitada e feitos os pregos, o da xardinería están feitos, pero pendentes dos informes dos técnicos.

O sr. España López (PP) respóndelle que, despois de ano e medio, o xestionar un contrato cunha empresa, logo da subrogación de 11 persoas, teñen o contacto, o número de telefono, a nave ou a sede, etc., e tempo máis que de sobra para sentarse coa empresa para poñerse a traballar nunha nova licitación para que recolla a ese cadro de persoal.



O sr. Alcalde dille que recibiu a documentación que se lle mandou.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóndelle en relación ás horas extraordinarias dos funcionarios, da incorporación de 3 policía locais da oferta de emprego público de 20024 e outras 3 máis da relativa ao ano 2025.

Polo Grupo do UPSA, o sr. García López formula a pregunta seguinte:

1ª) Volver a preguntar polo prazo para que os enterradores enterrasen.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que será en breve.

Polo Grupo do UPSA, a sra. Salorio Porrál formula a pregunta e presenta o rogo seguintes:

1º) Roga que se lles envíe a relación de contratos que se atopan en precario.

1ª) Pregunta por como vai o contrato do SAF.

2ª) Pregunta pola poda do “Perouteiro de Meirás”, se se fixo a poda ou se procedeu á execución subsidiaria.

2º) Roga que, no parque infantil do paseo marítimo, se retire o aparato que está precintado pola policía local.

3ª) Pregunta e roga, en relación coas ausencias de persoal, como ocorre en Urbanismo ou en Servizos Sociais, cando hai ausencias de persoal e non se lles substitúe, existindo informados favorablemente, por que non se lle responde á veciñanza.

Polo Grupo UPSA, a sra. Nogareda Marzoa formula as preguntas e presenta o rogo seguintes:

Reitera o rogo de que se lles mande a lista oficial de obras espectaculares que aínda non lles mandaron.

Reitera a pregunta, en relación coa roza na Avenida Párroco Villanueva, número 25.

Reitera a pregunta para o pagamento da taxa á veciñanza se depende da amizade ou non, e en relación á remisión de expedientes.

1ª) Pregunta cal é a situación das tallas por como están deixando os madeiros os camiños.

1º) Fai unha alegación polo respecto dos traballos dos demais sobre os procesos selectivos do Concello de Sada, non se pode ter competencia sen ter coñecemento, e para iso haberá que valorar o que se pregunta en relación ao servizo que se vai prestar despois.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) respóndelle por alusións que se trata dun titular de *La Voz de Galicia*.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle en relación ás tres árbores do Perouteiro.

A sra. Martínez Abruñedo (SM) responde que non se vai a prorrogar o servizo de axuda no fogar, estanse a rematar os pregos e licitarase.

O sr. Alcalde respóndelle que hai 10 expedientes rematados a 16 de marzo; en canto a Párroco Villanueva haberá que rozar a totalidade da parcela, que pertence ao Instituto Galego da Vivenda e o Solo; deu o expediente en papel sen o cobramento das taxas, sendo un erro.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que se revisará a ordenanza de tallas.

O sr. Berrocal Fariña (SM) responde que están a traballar nunha campaña máis xeral que dea visibilidade ao todo o comercio, no que se poidan incluír accións puntuais asociadas a festividades ou a eventos non focalizados nunha acción.

O sr. Alcalde responde que facilita datos a todo o mundo que llo pide.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 40 minutos do día xoves 27 de marzo do 2025, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2025/G010/000005

electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.

CVD: 06a15WX5+BwFo/wHoNLo Verificable na Sede Electrónica do Organismo.